

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 3 DE XUÑO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as vinte horas e quince minutos do día tres de xuño do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D. José Luis Gestido Porto e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández, SUPLENTES: D. Francisco Javier Soliño Soliño, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asiste á sesión a concelleira, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 27 DE MAIO DO 2013.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 27 de maio do 2013.

### **URBANISMO E VIVENDA**

### **2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 29 DE XUÑO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

#### **2.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpia-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

## MAIORES

EXPEDIENTE Nº 24.475.- A Eva e Martin Pereira Iglesias, con enderezo en Gruncheiras 58 - Coiro, para en Gruncheiras - Coiro, en solo de núcleo rural, regulado pola aordenanza 9, construír unha vivenda unifamiliar de 128,00 m<sup>2</sup> de planta baixa, de conformidade co proxecto básico de xaneiro de 2.013, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

EXPEDIENTE Nº 24.586.- A ANCORADOURO S.L., con enderezo en Aragón 2 - baixo - Cangas, para en Cimadevila - Darbo, parcela c, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 9, construír unha vivenda unifamiliar de 157,34 m<sup>2</sup> de semisoto e 154,67 de planta baixa, de conformidade co proxecto básico de abril de 2.013, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro efectuada con data 13 de xaneiro de 2.012.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 3.447,91 euros.

\*\*\*

### 2.A.2) DENEGA-LOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.430.- O tramitado a instancia de Angela e Arturo Lagoa Graña, con enderezo en rúa Eugenio Sequeiros 22, Cangas, para reforma, conservación e mantemento de edificio sito no referido lugar, conforme proxecto asinado polo arquitecto técnico Emilio Camaño Malvado, visado en data 14 de xullo de 2010.

Visto o informe emitido pola arquitecta da oficina de rehabilitación en data 19 de setembro de 2012 polo que se sinala: "No proxecto inicial plantéxase un cambio de sistema estrutural polo que o proxecto debe ser asinado por técnico competente e vistaod polo colexio profesional respectivo"y ó tratarse dun proxecto de execución (...)"

Visto que, notificada a deficiencia a subsanar en data 28 de setembro de 2012 (Núm de rexistro 4239), polo arquitecto técnico Emilio Camaño Malvado presentouse escrito o 5 de novembro de 2012 solicitando informe sobre a titulación académica e profesional habilitante dos arquitectos técnicos e apareladores para a sinatura de proxectos coma o incorporado ao expediente 23.430.

Emitido informe pola xefa do departamento de Urbanismo en data 14 de marzo de 2013, que sinala que o técnico competente para a redacción do proxecto correspondente ao expediente 23.430 é un arquitecto, tal e como se puxo de manifestó no escrito solicitando subsanación de deficiencias de data 28 de setembro de 2012.

Visto que non se subsanou tal deficiencia no prazo establecido polos artigos 71.1 e 76 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, en concordancia co número 4 do artigo 9 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locáis, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1985, procedendo sen máis trámite o arquivo do expediente, de conformidade co disposto no artigo 92 da Lei 30/1992.

Presentado escrito presentado o 13 de maio de 2013 (Rex núm. 5765) por Arturo Lagoa Graña, solicitando se dicte resolución sobre a concesión o denegación da licenza solicitada.

PROPONSE:

Denegar a concesión da licenza solicitada por Angela e Arturo ;Lagoa Graña para reforma, conservación e mantemento de edificio sito na rúa Eugenio Sequeiros 22, Cangas, por non estar asinado o proxecto por técnico competente, conforme o informe técnico de 19 de setembro de 2012 e xuridico de 14 de marzo de 2013, procedendo sen máis trámite o arquivo do expediente.

### 2.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

#### INFORMES URBANISTICOS

EXPEDIENTE N° 24.572.- En relación coa. solicitde de autorización previa para legalización de piscina e pistas deportivas, promovido por CAPITAN MORRAZO S.L. A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica presentado por CAPINTAN MORRAZO S.L. no senso de tramitar en solo rústico de protección de costas autorización autonómica para a legalización de unha piscina de 104,35 m2 e unha pista deportiva de 153,15 m2, no lugar de Praia de Mendiña 77 - Aldan, de conformidade co proxecto visado o 21 de marzo de 2.013, o uso é autorizable pola Comunidade Autónoma en virtude do disposto nos artigos 33, 36 e 38 e a DT 1 f) da LOUGA

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo tramitado á Consellería competente en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Secretario ou Secretaria Xeral competente en materia de Urbanismo), para que examine a adecuación da solicitude citada anteriormente á Lei 9/2002, de 30 de decembro, e aos instrumentos de ordenación do territorio, e para que resolva no prazo de tres meses, unha vez sometido o expediente ó trámite de información pública contido no artigo 41 da LOUGA.

TERCEIRO.- Solicitar o preceptivo informe de costas,e do POL.

CUARTO.- Notificar este acordo os interesados no expediente, entre os que figuran os titulares das alegacións presentadas que así o solicitan expresamente.

EXPEDIENTE S/Nº .- A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernandez Ladreda 43 - Io - Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012, S.L., Ref. Expte. A-P0-2013/I02, para edificio de 11 vivendas, locais e garaxes en Estrada o Peirao de Aldan - Aldan:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994.

A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto ñas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo urbano. Cualificación urbanística do solo.- Ordenanza de aplicación URLI.

#### 2.A.4) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

##### PARCELACIONES URBANISTICAS

EXPEDIENTE Nº 22.976.- A Xunta de Goberno Local queda' enterada da Resolución da Alcaldía de data 24 de maio de 2.013, referente o expediente de parcelación urbanística reseñado, tramitado a instancia de María del Carmen Rial Fernández, con enderezo en Magdalena 4 - C - Darbo, polo que se corrixe a redacción da licenza de parcelación no sentido en que a data de visado do proxecto e 17 de marzo de 2009.

#### 2.A.5) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.365.- O tramitado a instancia de Enrique Rodríguez Riveiro, con enderezo en Santo Domingo 8 - entrechan - Vigo, para reparación de muros en Camiño de Castiñeira 43 - Pintens - Hío, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais

de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 18 de xuño de 2010.

EXPEDIENTE Nº 23.802.- O tramitado a instancia de Pilar Villar Piñeiro, con enderezo en Rocha 10 - Darbo, para cambio de tella no referido lugar, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 27 de xuño de 2011.

EXPEDIENTE Nº 23.991.- O tramitado a instancia de José Antonio González Meira, con enderezo en Avda. de Bueu 15 - Cangas, para gaiola para aves en Barreira 7 A- Darbo, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 2 de decembro de 2011.

EXPEDIENTE Nº 24.571.- O tramitado a instancia de Francisco Rial Lemos, con enderezo en Ameles 3 - Hio, para colocación de portal e cerco en Ameles - Hio, acordase arquivalo a petición do interesado por estar duplicado co nº 24.019 o que xa se lie outorgou licenza nº 23.396.

Asimesmo acordase a devolución de 19,18 euros correspondente o ICIO pagado mediante recibo 1343000143, ó 17 de abril de 2.013.

#### 2.A.6) LICENZAS PRIMEIRA OCUPACION DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 22.283.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR SANDRA LANZOS RODRIGUEZ E JUAN CARLOS FANDIÑO MARTINEZ.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 23 de maio de 2013, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Sandra Lanzós Rodriguez e Juan Carlos Fandiño Martinez, con enderezo en Piñeiro 18 - Aldan, para vivenda, sita en Piñeiro - Aldan, construída o abeiro da licenza municipal Nº 21.529. b) Asimesmo aprobase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE Nº 22 . 743. - LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR CLAUDINA LEMOS MARTINEZ.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 21 de maio de 2013, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Claudia Lemos Martinez, con enderezo en Palma 7 - Io - Cangas, para vivenda, sita en Vilanova 116 - Hio, construída o abeiro da licenza municipal Nº 22.669.

EXPEDIENTE Nº 23.497.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR DAVID GUIMERANS BUDIÑO E SILVIA GONZALEZ CORDEIRO.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 21 de maio de 2013, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a David Guimerans Budiño e Silvia González Cordeiro, con enderezo en Outeiro 14 Erbello - Aldan, para vivenda, sita en Piñeiro - Aldan, construída o abeiro da licenza municipal Nº 22.614. b) Asimesmo aprobase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE Nº 24 . 012. - LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR VICTOR MANUEL REYES SOLLA E MARIA SANDRA RUOCO MARTINEZ.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 23 de maio de 2013, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Victor Manuel Reyes Solía e Maria Sandra Rouco Martinez, con enderezo en Avda. De Lugo 15 - Io B - Cangas, para vivenda, sita en Serra de.Nacente - Darbo, construída o abeiro da licenza municipal Nº 22.997.

#### 2.A.7) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/CORRECCIÓN DE ERROS DO EXPEDIENTE N' 22.976.

##### RESOLUCION DE ALCALDIA

Advertido erro material no acordo de Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2010, relativo á concesión de licenza municipal de parcelación urbanística número 22332, correspondente ao expediente número 22976, promovido por María del Carmen Rial Fernández.

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común,

RESOLVO proceder á corrección do sinalado erro, nos seguintes termos:  
PRIMEIRO: Onde di:

"Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, visado con data 17 de marzo de 2010, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Francisco Díaz Juncal."

Debe dicir:

Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, visado con data 17 de marzo de 2009, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Francisco Díaz Juncal.

SEGUNDO: Dar conta á Xunta de Goberno Local da presente resolución, na primeira sesión que se celebre.

Cangas 24 de maio de 2013  
O ALCALDEnBRESIDENTE

\*\*\*

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 23.514.- A HERMANOS LOPEZ S.L. , con enderezo en Sanguñeda Mos - Barrio Monte 211 B - 36415 - Vigo, para en Romarigo - Coiro, executar unha canalización soterrada de 142,00 metros, de conformidade coa documentación prsentada e coas seguintes condicións:



Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas.

Debe presentar un aval por importe de 3.263, 59 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indenización.

Non se poderan executar as obra,s no periodo comprendido entre o 15 de xuño e 15 de setembro

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou máis de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

EXPEDIENTE N°23.382.- A María del Carmen Rodal González, con enderezo en San Salvador 8 - Io D - Vigo, para en Berbetaña 16 - Cangas, cambio de material de cubrición nunha superficie de 58,02 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto visado con data 7 de xuño de 2.010.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos das fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso,- a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración, armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

EXPEDIENTE Nº 24.447.- A Tamara Vidal Carballa, con enderezo en Erbello 33 - Aldan, para no referido lugar, executar reformas exteriores e interiores consistentes en 13,25 m2 de carpintería exterior, substitucións de sanitarios baños, 85,75 m2 de solados de plaqueta e 54,60 m2 de azulexado, de conformidade coa documentación presentada de decembro de 2.012, por un orzamento de 7.500 euros e condicións impostas pola Deputación Provincial en escrito de data 6 de febreiro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.488.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, para en rúa Nova- Cangas, executar unha canalización de 46,97 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se podrán realizar no periodo do verano, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas.

Debe presentar un aval por importe de 1.984, 74 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou máis de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

EXPEDIENTE Nº 24.4 99.- A Román Santomé Alfaya, con enderezo en Estrada a Bueu - Piñeiro 24 - Aldan, para no referido lugar, reformar a cuberta en 85,33 m2, de conformidade co proxecto de febreiro de 2.013 e condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 8 de maio de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.618.- A Amelia Fernandez Fandiño, con enderezo en Praza Progreso 4 - Cangas, para no referido lugar, executar obras de limpeza de fachada, de conformidade coa documentación presentada.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que

dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior perianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

EXPEDIENTE Nº 24.501.- A Fernando Miranda González, con enderezo en Pedreira 75 - Coiro, para no referido lugar, construír un múrete de sostén de terras de 19,75 metros, reformar un cerco de 16,00 metros, aplacado interior de paredes do semisoto e construír unha barbacoa, de conformidade coa documentación presentada con un orzamento de 3.910,00 euros.

EXPEDIENTE Nº 24.523.- A Marta Fontana Beltrán, con enderezo en Montero Rios 18 - Io B - Vigo, para en Florida 24 - Darbo, reparar parcialmente un muro en 35,00 metros de conformidade coa documentación presentada o 29 de maio de 2.013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fora de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fora de ordenación.

EXPEDIENTE Nº 24.524.- Mercedes Mallo Oliveira, con enderezo en Avda. Ourense 76 - Cangas, para no referido lugar construír unha beirarrua de 153,00 m<sup>2</sup>, de conformidade coa documentación presentada e autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 20 de decembro de 2.012.

EXPEDIENTE Nº 24.534 e 1.659.- A RINOCERONTE EDITORA S.L.U., con enderezo en Urbanización Mar de Pedra - bloque 3 - San Roque - Darbo, para no referido lugar, acondicionar interiormente un local para oficina de 236,26 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto de xaneiro de 2.013

Non se poderá comezar a actividade mentras non se efectúe polo Técnico Municipal e Xefe Local de Sanidade a correspondente comprobación

Advirtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das

medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licencia outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

\*\*\*

## **2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

### APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

EXPEDIENTE N2 1.455.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR LUIS HERNANDEZ ALVAREZ S.L.-

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licencia municipal de apertura de establecemento adicado a suministros para construción e ferretería, en Outeiro - Balea - Darbo, peticiónada por LUIS HERNANDEZ ALVAREZ S.L., con enderezo EN Baleaa 1 - Darbo, tendo en conta o informe de comprobación efectuado polo Arquitecto Muncipal, con data 16 de maio de 2 . 013.

Advertese que a licencia outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licencia outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece. la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.614.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR KANGAS CITY S.L.- A Xunta de Goberno Local acordou quedar enterada do cambio de titularidade de establecemento sito en Lirio 30 - Cangas, adicado a bar, que ata a data rexentaba MUSI CALI DADE S.L., e que a partir deta data pasa a KANGAS CITY S.L., con enderezo no referido lugar.

EXPEDIENTE Nº 1.658.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR OKSAN SHAUKUN.- A Xunta de Goberno Local acordou quedar enterada do cambio de titularidade de establecemento sito en Nerga 33 - Hio, adicado a ultramarinos, que ata a data rexentaba Manuela Sotelo Gutierrez e que a partir deta data pasa a Oksan Shukun, con enderezo no referido lugar.

## **3º.- DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA.**

EXPEDIENTE Nº 76/2007

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Nerga-0 Hio consistentes en: instalación dunha casa de madeira.

Resultando que, con data 27 de febreiro do 2013 a inspección municipal de obras informa que "persoado no lugar de Nerga- O Hio (acompañado da promotora) comprobei que a casa de madeira promovida por Dona Milagros Gómez Rivela e obxecto do expediente de infracción nº 76/2007 foi retirada.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Milagros Gómez Rivela, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación e amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo, reduciráselle a sanción nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

**SEGUNDO.-** Nomear instructor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Da Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos

interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo" 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que por efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a con tía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o Acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñe-lo que estime máis conveniente.

Así o dispoño en Cangas! o un de marzo do dous mil tres.

PROPOSTA EXPEDIENTE SANCIONADOR PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 1/2012

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Fonte Nova-0 Hio consistentes en: realizar o

cambeo de cubería da edificación unifamiliar e un cerramento a base de postes, portales e malla metálica plastificada a menos de 4 metros do eixo do camifio.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 10 de maio do 2012 a de considera que conforme ó establecido no título V das Normas Urbanísticas II das NNSS municipais, así como no disposto ñas ordenanzas SNUN-SNUA, se estiman non legalizables as obras descritas no informe da inspección.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, José Luis Exposito Alvarez, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, acordo co establecido no artigo 220.1.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina así como na Lei 30/92, Públicas e do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo Común e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que ten legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

**SEGUNDO.-** Nomear instructor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SETIMO.- Comunicar o Acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer-lo que estime máis conveniente.

Así o dispoño en Cangas, 25 de abril do dous mil trece  
Asdo.: José Ebrique Sotelo Villar

EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 19/2012

PROPOSTA DE SANCION PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ANTECEDENTES

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de abril do 2013, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de José Carlos Hermelo Silva, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no



lugar de Xielas, 25 -Coiro, obras consistentes en realizar a apertura dun oco para ventana no alzado da edificación, sen que esté contemplado no proxecto e sen parede lindante donde se ubica o oco, sendo a construción de carácter legalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 24 de maio do 2013, rexistro de entrada nº 6288, presenta escrito de alegacións solicitando a anulación do expediente por non existir infracción xa que as obras estanse a executar e non existe consolidación de daño, alteración, ou incumprimento da norma que poida estimarse como tal.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Revisado o expediente de referencia resulta que a infracción foi cometida xa que as obras realizadas non se axustaban á licenza concedida, polo que en aplicación do disposto no artigo 216.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a mesma non pode quedar sen sanción, polo que esta non pode ser deixada sen efecto como solicita o interesado.

SEGUNDO.- Maila o anterior, en atención ó argumento exposto por José Carlos Hermelo Silva no seu escrito, toda vez que a Xunta de Goberno Local con data 25 de marzo do 2013 concede licenza para que as obras se axusten ó reformado do proxecto, quedando así restaurada a legalidade urbanística, a sanción a impoñer atendendo as circunstancias que concurren no presente caso será a resultante de aplicar o artigo 216.4 en relación co 220.1 a da Lei 9/2002.

En virtude dos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas

#### RESOLVO

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude presentada o 24 de maio do 2013 por José Carlos Hermelo Silva na que solicitaba a anulación do expediente 19/2012, impoñendo en atención ós argumentos presentados unha sanción por importe de 60 euros .

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que José Carlos Hermelo Silva, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo eo establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en

canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para gradua-la sanción a impoñer na súa contía 60 euros.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

\* Impoñer a José Carlos Hermelo Silva, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de 60 euros, por infracción ó ter cometido obras no lugar de Xielas, 25 -Coiro, consistentes en realizar a apertura dun oco para ventana no alzado da edificación, sen que esté contemplado no proxecto e sen parede lindante.

O que se lie notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, a tales efectos, ponse de manifestó o expediente para que poidan examínelo e, de se-lo caso, obte-las copias dos documentos que constan no mesmo durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevara ó organo competente para resolver o procedemento, xunto eos documentos, alegacións e informacións que consten no mesmo.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Cangas, 28 de maio de 2013

O INSTRUCTOR DO EXPEDIENTE

EXPEDIENTE Nº 24/2012

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Rozabales-Aldan, consistentes en: un muro de contención de ata 6 metros de altura a base de formigón armado nun talude existente.

A resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 17 de setembro do 2012 considera que: conforme ó establecido ñas Normas Urbanísticas II das NNSS municipais, para o solo non urbanizable de protección forestal, se estiman as obras mencionadas como ilegalizables.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Rogelio Iglesias e Hijos, SA, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

**SEGUNDO.-** Nomear instructor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Da Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

**TERCEIRO.-** O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo

co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o Acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñe-lo que estime máis conveniente.

Así o dispoño en Cangas, ve de abril do dous mil trece

## **SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER**

### **4º.- PROPOSTAS DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.**

#### **4.A) PROPOSTA DE BAIAXA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR POR FALECIMENTO.**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 30.5.13, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

*"En relación ó expediente núm.: 35280533-M de Remigio S.S., beneficiario do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), a través da quenda de dependencia.*

*Proponse a baixa de dito expediente polo falecemento deste."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

#### 4.B) PROPOSTA DE BAIXA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR POR RENUNCIA.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 30.5.13, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

*"En relación ó expediente núm.: 36008/01/001003-PO/3044 de Dona Antía I.F., beneficiaria do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), a través da quenda de dependencia.*

*Proponse a baixa de dito expediente perante a achega de escrito de renuncia ó servizo, con efectos desde o 16 de maio do 2013."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

### **TESOURERÍA**

#### **5º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

##### 5.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBXECTO</b>
HIDROESTRUCTURAS, S.L. Estrada de Madrid, nº 150-36.318-Vigo.	AVAL	3.722,38 €	DO CONSERVACIÓN PATRIMONIO MUNICIPAL NO EDIFICIO DO MERCADO

## **SUBVENCIONES**

### **6º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DIRIXIDOS Á REDUCCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR NOS CONCELLOS DE GALICIA.**

Vista a proposta de data 30.5.13 da concelleira delegada de Educación referente a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia, que di como segue:

*"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DIRIXIDOS Á REDUCCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR NOS CONCELLOS DE GALICIA-2013.*

*Publicada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a Orde do 26 de abril do 2013, pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar, nos concellos de Galicia, para o ano 2013.*

*Redactado polo director do Centro Municipal de Benestar Social, Estanislao Graña García, o proxecto de intervención socio-educativa dirixido a redución do abandono escolar no Concello de Cangas, cun orzamento total de 9.400,00 € euros.*

*Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local solicitar axuda para o desenvolvemento dos seguintes programas:*

#### *1.- PROGRAMA DE PREVENCIÓN DO ABSENTISMO E DO ABANDONO ESCOLAR "TI TAMEN PODES":*

*Orzamento ..... 4.400,00 euros.*

#### *2.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN PARA MOZOS/AS DE 16 A 24 ANOS "REACCIONAR":*

*Orzamento ..... 2.600,00 euros.*

#### *3.- PROGRAMA DE EDUCACIÓN DE FAMILIAS:*

*Orzamento ..... 2.400,00 euros."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a

proposta da concelleira delegada de Educación, referente a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia.

**7º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA PARA REVITALIZAR O COMERCIO DE PROXIMIDADE E POTENCIAR UNHA REDE GALEGA DE MERCADOS DE ABASTOS EXCELENTES, COFINANCIADAS POLO FEDER-2013 (IN223A).**

Vista a proposta de data 3.6.13 do concelleiro delegado de Urbanismo e Vivenda, referente a solicitude de subvención á Consellería de Economía e Industria para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes, que é como segue:

"PROPOSTA

*SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA PARA REVITALIZAR O COMERCIO DE PROXIMIDADE E POTENCIAR UNHA REDE GALEGA DE MERCADOS DE ABASTOS EXCELENTES, COFINANCIADAS POLO FEDER-2013 (IN223A).*

*Vista a Orde da Consellería de Economía e Industria de data do 30 de abril do 2013, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos de Galicia para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes, cofinanciadas polo Feder, e se procede a súa convocatoria para o ano 2013.*

*Vistas as necesidades e especialmente as da Praza de Abastos e o seu contorno, redáctanse os seguintes proxectos de obra de titularidade municipal:*

<b>Denominación proxecto</b>	<b>Redactor proxecto</b>	<b>Importe proxecto</b>
<i>Reparacións na Praza de Abastos</i>	<i>Alfonso Lage Pérez, arquitecto municipal</i>	<i>100.583,48 €</i>
<i>Reposición e pavimentación rúa Retrama-Cangas</i>	<i>Mª Isabel Medraño Fariña, arquitecta municipal</i>	<i>108.515,09 €</i>

*Reunindo as condicións que se especifican na orde, propoño á Xunta de Goberno Local:*

Primeiro.- Aprobar os seguintes proxecto de obra:

<b>Denominación proxecto</b>	<b>Redactor proxecto</b>	<b>Importe proxecto</b>
<i>Reparacións na Praza de Abastos</i>	<i>Alfonso Lage Pérez, arquitecto municipal</i>	<i>100.583,48 €</i>
<i>Reposición e pavimentación rúa Retrama-Cangas</i>	<i>Mª Isabel Medraño Fariña, arquitecta municipal</i>	<i>108.515,09 €</i>

*Segundo.- Solicitar ó abeiro da orde do 30 de abril do 2013, unha subvención para a execución das obras de REPARACIÓNS NA PRAZA DE ABASTOS e para a obra de SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NA RÚA RETRAMA-CANGAS, segundo o seguinte desglose e orde de prioridade:*

<b>Nº orde</b>	<b>Denominación obra</b>	<b>Orzamento total</b>	<b>75% Subvención solicitada</b>	<b>25% Aportación Municipal</b>
1º	Reparacións na Praza de Abastos	100.583,48	75.437,61	25.145,87
2º	Servizos e pavimentación na Rúa Retrama-Cangas	108.515,09	81.386,17	27.128,77

*Terceiro.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente, D. José Enrique Sotelo Villar, con DNI 35285485N, para que asine a solicitude de subvención e cantos documentos sexan precisos para cumprimento da orde de solicitude.*

*Cuarto.- Remitir o presente acordo á Delegación Provincial da Consellería de Economía e Industria, achegando a documentación que sinala a orde citada."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a proposta do concelleiro delegado de Urbanismo e Vivenda, referente a solicitude de subvención á Consellería de Economía e Industria para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes.

## **8º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO PROGRAMA DE MELLORA DAS COLECCIÓNS BIBLIOGRÁFICAS-2013.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da resolución da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia referente ó programa de "MELLORA DAS COLECCIÓNS BIBLIOGRÁFICAS-2013", polo que se concede ó Concello de Cangas unha subvención por importe de DOUSCENTOS SEIS (206,0) EUROS.

## **CONTRATACIÓN**

**9º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE E TRAMITACIÓN ORDINARIA O SERVIZO DE "BALIZAMENTO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS".**



## ACORDO RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS

Vista a proposta de adxudicación realizada pola Mesa de Contratación constituída para a valoración das ofertas presentadas na licitación do servizo de balizamento de praias, de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, ACORDA

Requirir á empresa SERVISUB BUEU, S.L. como empresa licitadora que achegou a oferta economicamente máis vantaxosa para que no prazo de 5 días hábiles presente a seguinte documentación:

- Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe de 1.824 € equivalente ao 5% do importe de adxudicación, IVE excluído (a garantía poderá constituíla por calquera dos medios a que se refire o artigo 96-TRLCSP.
- Xustificante de ter aboado os gastos que lle corresponden do anuncio de licitación: 133,30 € (a dita cantidade poderán facela efectiva na conta n.º 2080 5022 15 3110008929).

### **10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RESOLUCIÓN DA OBRA "2ª FASE DO PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DE ALDÁN", COA EMPRESA "OBRAS Y EDIFICACIONES SEIXO, S.L."**

#### PROPOSTA DE ALCALDIA

Vista a resolución de data 17 de abril de 2013, polo que se iniciou o procedemento para acordar a resolución do contrato para a execución da obra de "Segunda fase do proxecto reformado de ampliación do cemiterio de Aldán" coa empresa OBRAS Y EDIFICACIONES SEIXO SL., de conformidade co disposto no artigo 112.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Visto o disposto no artigo 111 do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que establece como causa de resolución dos contratos, entre outras: "A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento".

Visto que o artigo 112.2 do mesmo corpo legal sinala que: "A declaración de insolvencia en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación orixinarán sempre a resolución do contrato. "

Visto que segundo o disposto no artigo 113.4 só se acordará a perda da garantía cando o concurso fora calificado como culpable.

Visto que notificada a administración concursal (Rex. de saída núm 1208 e recibida en data 24 de abril de 2013 segundo consta no acuse de recibo) presentouse, fora do prazo de dez días naturais outorgado, escrito de alegacións en data 23 de maio de 2013 (Rex núm 6205).

De conformidade co exposto e segundo o establecido no Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas

PROPOÑO:

PRIMEIRO. Resolver o contrato para a execución da obra de "Segunda fase do proxecto reformado de ampliación do cemiterio de Aldán" coa empresa OBRAS Y EDIFICACIONES SEIXO SL, de conformidade co disposto no artigo 112.2 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, por atoparse a sinalada empresa en fase de liquidación de concurso, conforme Auto emitido polo Xulgado do Mercantil nº1 de Pontevedra en data 08.04.11.

SEGUNDO. Que se devolva a garantía constituída pola empresa OBRAS Y EDIFICACIONES SEIXO SL por un importe de 30.799,85 euros, de conformidade co artigo 113.4 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, dado que o concurso non foi calificado como culpable.

TERCEIRO. Que se lies notifique isto aos interesados para os efectos oportunos.

## **MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO**

### **11º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE S/CONCESIÓN DE LICENZAS DE APERTURA PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS EN TERREOS PRIVADOS EN ZONA DE SERVIDUME E DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2013.**

Dase conta de proposta de data 30.5.13 do concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, referente a concesión de licenzas de apertura para instalación de quioscos en terreos privados en zona de servidume e durante a tempada de verán-2013, que é como segue:

*"O Concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, Jesús Graña Graña, propón á Xunta De Goberno Local, para a súa aprobación, o seguinte:*

*Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidume, durante a*

*tempada de verán 2013, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cumprindo coas condicións do anexo.*

*Segundo.- Dar traslado do presente acordo ós interesados e ós departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.*

*1.- DIEGO RUIZ MACEY, con DNI 39454037-k, con enderezo en Porta do Sol, 91-Moaña, para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de praia de Areacova-Aldán.*

*2.- M<sup>a</sup> LUISA COSTAS LORENZO, con DNI 35275935-F, con enderezo en Pinténs, 24-A- O Hío-Cangas, para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de Pinténs-O Hío.*

*3.- BORJA PIÑEIRO IGLESIAS, con DNI 53610993-V, con enderezo en Palomar, 37-6A, San Pedro-Darbo-Cangas, para a instalación de un quiosco de 2,00 m2., no lugar de Praia de Ameles-O Hío-Cangas.*

*4.- FRANCISCO JAVIER FIGUEIRIDO PÉREZ, con DNI 36110377-D, con enderezo en Rúa Aragón, 217-5C-Vigo, para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Menduíña-Aldán.*

*5.- ADRIÁN PORTAS MONTEAGUDO, con DNI 45896342-A, con enderezo en Camiño Xareira, 23-Pinténs, para a instalación de un quiosco de 12,65 m2., e un baño de 2,00 m2., no lugar da Cachopa-O Hío.*

*6.- EZEQUIEL F. MARTÍNEZ SANTOS, con DNI 36027139-P, con enderezo en Camiño Viñó, 45-Nerga, para a instalación de un quiosco de 9,00 m2., e unha terraza de 11,00 m2., no lugar de Praia de Barra-Viñó-Nerga-O Hío.*

## ANEXO

*As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes*

### CONDICIÓN S:

*1º.- Previamente á instalación deberase proceder ó pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.*

*2º.- O horario de apertura será de 10,00 a 22,00 horas.*

*3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.*

*4º.- Deberá deposita-lo lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, á súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.*

*5º.- A autorización outorgada é intransferible.*

6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, podéndose unicamente proceder á venda de bebidas e xelados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.

7º.- Tódalas súas conduccións de servizo terán que seren soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como, a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede xeral de saneamento, se existe, quedando en todo caso prohibidos os sistemas e drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.

8º.- A instalación será desmontada transcorridos quince días (15) desde a súa extinción.

9º.- Non se permitirá a construción de obras de fábrica ou outras obras fixas, debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10º.- O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 de xuño ata o 30 de setembro do 2013.

11º.- Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios/as.

12º.- O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.

13º.- Observarase o previsto no RD 2817/83 do 13 de outubro, e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).

**14º.- Advírteselle ó/á interesado/a que no caso de instalación de quiosco sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ó levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o concello estime oportunas."**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a concesión de licenzas para a instalación de quioscos en terreos privados, en zona de servidume e durante a tempada de verán-2013.

## **SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

### **12º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.**

#### **12.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE:**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

<b>NOME E DNI</b>	<b>ENDEREZO</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
-------------------	-----------------	--------------------------

VICENTE ANTONIO DACOSTA HERBELLO DNI Nº 76.832.170-A	Choupana, nº 28-Darbo.	Choupana, nº 23-Darbo
--	------------------------	-----------------------

12.A.2) SOLICITUDE DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE NO CASCO URBANO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local:

<b>NOME E DNI</b>	<b>ENDEREZO</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
IRMA PARCERO PORTELA DNI Nº 78.736.060-E	A Pedreira, nº 81-Coiro.	A Pedreira, nº 81-Coiro.

PRIMEIRO.- Conceder á Sra. Parcero Portela, a baixa do sinal de pasaxe permanente sito no lugar de referencia, condicionado á devolución do sinal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ós departamentos de Tesourería e Xestión de Ingresos Municipal.

12.B) INFORME DA POLICÍA S/SOLICITUDE DE ESPAZO PARA DESCARGAS COMERCIAIS.

Vista a solicitude presentada en data 23.5.13, por BERNARDO BLANCO CASTRO, con enderezo en Praza de Andalucía, 2-Cangas, JOSE ANTONIO BERNÁRDEZ VILLAR, con enderezo en Praza de Andalucía, 1-Cangas, e por JUAN JOSÉ ABAL CURRÁS, con enderezo en Praza de Andalucía, 1-Cangas, no que reclaman sinalización para cargas e descargas comerciais no referido lugar.

Visto, así mesmo, o informe emitido en data 28.5.13 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

*"Nº REX: 1031/13.*

*ASUNTO: INFORMANDO SOBRE SOLICITUDE DE ESPAZO PARA DESCARGAS COMERCIAIS.*

*Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052006 e 052023, por medio do presente, informan:*

*Que vista a solicitude feita por Bernardo Blanco Castro, José Antonio Bernárdez Villar e Juan José Abal Currás, no que solicitan unha praza para carga e descarga de mercancías desde a rúa Andalucía e Praza de Galicia, o axente abaixo asinante informa que actualmente o lugar carece de acceso para vehículos xa que soamente permite o tránsito de peóns, ademais na Praza de Andalucía existe un parque infantil totalmente aberto.*

*Que de non modificarse dito acceso, polo único lugar de certa visibilidade, zona axardinada, pola rúa Andalucía, non se posible concederse unha zona de carga e descarga como solicitan os interesados."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, denegar a solicitude indicada anteriormente, con base no informe emitido pola Policía Local.

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

### **13º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.**

#### **13.A) DAR CONTA DE SENTENZA DICTADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA S/PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 47/2012.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da sentenza nº 90/2013, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, referente ó procedemento ordinario nº 47/2012.

#### **13.B) DAR CONTA DE SENTENZA DICTADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA S/PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 294/2012.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da sentenza nº 118/2013, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, referente ó procedemento abreviado nº 294/2012.

#### **13.C) (X-12/32) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SENTENZA Nº 122/2013 DE DATA 22/04/2013 DICTADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDUREMTO ABREVIADO Nº 311/2012.**

Examinada a proposta da Alcaldía de data 29.5.13, referente a sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 311/2012, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 122/2013 DE DATA 9.05.2013 DICTADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDUREMTO ABREVIADO Nº 311/2012.*

*Vista a Sentenza nº 122/2013 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no Procedemento Abreviado nº 311/2012, instruído a instancia da mercantil 'Tendidos Moncosa, S.A.', pola que se condena a este concello a aboarlle á reclamante a cantidade de 12.731,66 €, en concepto de principal mailos xuros e custos.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 122/2013 dictada en data 9.05.2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no Procedemento Abreviado nº 311/2012, instruído a instancia da mercantil 'Tendidos Moncosa, S.A.'*

*Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de 12.731,66 € en concepto de principal, a favor da mercantil 'TENDIDOS MONCOSA, S.A.', con CIF nº A-15050958.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 311/2012.

13.D) (X-12/25) DAR CONTA DE SENTENZA Nº 93/13 DE DATA 22/04/2013 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 260/2012.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

- Reclamante: JOSÉ LOSADA BALLESTEROS.
- Asunto: denegación prolongación de permanencia no servizo activo.
- Resume do fallo: desestima o recurso presentado por José Losada Ballesteros con expresa condena en custos.
- O xulgado comunica a firmeza da sentenza con rexistro de entrada do 27.05.2013.

**URXENCIAS:**

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

**A) INFORME XURÍDICO DA XEFA DO DEPARTAMENTO DE URBANISMO S/SUSPENSIÓN DA LICENZA DE OBRAS Nº 23.386, CONCEDIDA A ESPERANZA GAGO NOGUEIRA.**

Dase conta de informe xurídico de data 31.5.13 emitido pola xefa do Departamento de Urbanismo, referente a suspensión da licenza de obras nº 23.386, que é como segue:

"INFORME XURÍDICO

*De acordo co ordenado pola Alcaldía, no que solicita informe sobre a denuncia formulada por Gloria Padín Costas, en data 22 de maio do 2013, rexistro de entrada nº 6.150, emito o seguinte, INFORME:*

*PRIMEIRO.- Emítase o seguinte informe tras a denuncia formulada Gloria Padín Costas, en data do 22 de maio do 2013, rexistro de entrada nº 6.150, polas obras que se están a executar no lugar de Donón-O Hío, por Esperanza Gago Nogueira.*

*Visto o informe emitido polo arquitecto municipal en data 31 de maio do 2013, que literalmente di:*

*"Revísase pola oficina técnica a documentación gráfica do emprazamento obxecto do expediente, achegándose o plano de replanteo elaborado a partir da cartografía das NNSS municipais.*

*De acordo coa nova documentación elaborada pola oficina técnica detéctase un desfase dimensional entre a documentación aportada pola propiedade promotora do expediente e referido plano de replanteo. Así, a cota de referencia tomada desde o vértice da edificación emprazada na marxe contrario do camiño na zona norte resulta ser de 21,85 metros en lugar dos 25,5256 metros definidos pola propiedade. Igualmente no vértice sur de referencia, a cota medida pola oficina técnica resulta de 19,40 metros en lugar dos 19,8559 metros descritos no expediente.*

*De acordo coa documentación elaborada pola oficina técnica resulta unha superficie cualificada pola ordenanza SNUN, (solo non urbanizable de núcleo rural), de 463,25 m<sup>2</sup>., superficie inferior á parcela mínima requirida pola referida ordenanza de aplicación."*

*Pódese comprobar que as obras que se están a executar se amparan nuns planos que non se axustan á realidade existente, polo que incorren nunha infracción do ordenamento xurídico ó realizarse, en parte, sobre un solo rústico de espazos naturais.*



SEGUNDO.- A lexislación de aplicación establece que o alcalde disporá a suspensión dos efectos dunha licenza ou orde de execución e, conseguintemente, a paralización inmediata das obras iniciadas ó seu abeiro cando o contido de ditos actos administrativos constitúa unha infracción urbanística grave ou moi grave, calquera que sexa a data de outorgamento da licenza. (Artigo 212 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

A suspensión de licenzas ou ordes de execución require os seguintes elementos: a necesidade de actos de edificación ou uso do solo precisados de licenza, e a existencia da mesma ou orde de execución que lexitime a súa actividade; que os actos se atopen en curso de execución, con independencia da data do outorgamento do acto administrativo de control; e que a licenza ou orde de execución constitúa unha infracción urbanística grave ou moi grave.

TERCEIRO.- A Lexislación aplicable é a seguinte:

— A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

— O artigo 21.1.S da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— O artigo 127 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

CUARTO.- A suspensión da eficacia das licenzas non implica un control da legalidade da licenza ou orde de execución por parte da administración, senón que este control se deixa directamente en mans da xurisdicción contencioso-Administrativa, determinando o traslado do acto suspendido e de suspensión ó tribunal competente, dentro dos dez días seguintes á resolución, iniciándose un procedemento especial (no cal o tribunal pode resolver, ben o alzamento da suspensión, non creando este pronunciamento o efecto de cosa xulgada), ben a anulación da licenza ou orde de execución (en cuxo caso si se produce o efecto de cosa xulgada).

QUINTO.- A indemnización polos danos e perdas causados pola anulación dunha licenza urbanística ou orde de execución determínase conforme á lexislación sobre responsabilidade patrimonial das administracións públicas. En ningún caso ten lugar a indemnización polos danos e perdas causados pola revisión dunha licenza urbanística ou orde de execución se existiu dolo, culpa ou negligencia graves imputables ó prexudicado.

SEXTO.- O procedemento para levar a cabo a suspensión da eficacia da licenza é o seguinte:

*A) Comprobado polos Servizos Técnicos Municipais que efectivamente se están a levar a cabo obras que constitúen unha infracción grave ou moi grave e que estas obras están amparadas nunha licenza ou orde de execución outorgada polo concello, iníciarase expediente para suspender a eficacia do acto que lexítima as obras ilegais.*

*B) O alcalde disporá a suspensión dos efectos dunha licenza ou orde de execución e, conseguintemente, a paralización inmediata das obras iniciadas ao seu amparo, cando o contido dos actos administrativos constitúa unha infracción urbanística grave ou moi grave.*

*C) O alcalde procederá a dar traslado directo do acto suspendido no prazo de dez días ó órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e cos efectos previstos na lexislación reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.*

*Visto canto antecede e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:*

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*PRIMEIRO.- Suspender a eficacia da licenza nº 23.386 outorgada a favor de Esperanza Gago Nogueira con data 25 de febreiro do 2013, modificada o 11 de marzo do 2013, e que amparaba a realización das obras consistentes na construción de unha edificación aillada para restaurante e pensión de dúas estrelas no lugar de Donón, nº 58-O Hío, por constituír o seu contido unha infracción urbanística contemplada no artigo 217 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, visto o informe emitido polo arquitecto municipal de data 31 de maio do 2013.*

*SEGUNDO.- Ordenar a paralización inmediata das obras de construción de unha edificación aillada para restaurante e pensión de dúas estrelas no lugar de Donón, nº 58-O Hío, desenvolvidas ó abeiro da licenza 23.386 cuxa eficacia queda suspendida.*

*TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución de suspensión, no prazo de dez días, ó Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, co fin de que decida sobre a anulación da licenza ou o alzamento da suspensión.*

*CUARTO.- Notificar ós interesados a presente resolución, con indicación dos recursos pertinentes."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da xefa de Urbanismo, referente a suspensión da licenza de obras nº 23.386.

## **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.